

HISTOLOXÍA HUMANA

OBXECTIVOS:

- Adquirir destrezas no uso do Microscopio Óptico e nos procedementos de realización de preparacións microscópicas.
- Observar as características básicas de algúns tecidos animais.

MATERIAL:

Microscopio óptico	H ₂ O destilada	Acendedor de alcohol
Portaobxectos	Azul de metileno	Contagotas
Cubreobxectos	Solución alcohólica Sudan III	Escarvantes
Papel de filtro	Solución de formaldehído	Cubeta de tinción
Bisturí	Mucosa bucal humana	Variñas de soporte
Reloxo de vidro	Touciño cru	Microtomo de man
Frasco lavador	Tecido muscular	Lanceta
Agulla con mango	Hematoxilina	

MÉTODOS:

OBSERVACIÓN DE MUCOSA BUCAL:

- Colocar unha pequena gota de auga no centro dun portaobxectos limpo.
- Raspar co escarvantes na cara interna da meixela para desprender células da mucosa que tapiza o interior da boca.
- Mesturar a mostra obtida coa auga do portaobxectos facendo unha extensión para separar as células.
- Secar a chama do acendedor coidando de que nunca ferva a auga.
- Tinguir a mostra con azul de metileno e deixar actuar 5 min.
- Lavar o exceso de colorante coa auga e secar.
- Colocar o portaobxectos e observar ao microscopio óptico.

OBSERVACIÓN TECIDO ADIPOSEO:

- Cortar unha lámina fina de tecido graxo coa axuda do bisturí.
- Colocar a lámina sobre un portaobxectos limpo e cubrila con formaldehído. Deixar actuar 4 min.
- Lavar con auga para eliminar o formol.
- Cubrir con Sudán III e deixar actuar 5 min.
- Volver a lavar con auga para eliminar o exceso de colorante.
- Cubrir co portaobxectos evitando que se formen burbullas de aire.
- Observar ao microscopio óptico.

OBSERVACIÓN DE TECIDO MUSCULAR ESTRIADO:

- Colocar un pequeno anaco de músculo fino (menos de 2 mm de grosor) sobre un portaobxectos limpo.
- Coa axuda da agulla con mango separar as fibras con coidado, facendo que un dos extremos, polo menos, teña forma de pincel.
- Engadir auga para que non se seque.
- Secar suavemente a preparación a lapa do acendedor.
- Engadir hematoxilina e deixar actuar 10 min.
- Lavar con auga para eliminar o exceso de colorante. Cubre co portaobxectos e observa ao microscopio.

RESULTADOS:

Realiza esquemas das observacións microscópicas indicando en cada caso os aumentos usados:

